



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DECRETO CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 27 DE MAIO DE 2020

EXPEDIENTE:2020/G003/000151

### ANTECEDENTES

11/07/2019. Acordo do Pleno do Concello de Boqueixón polo que se determina que as sesións plenarias ordinarias terán lugar o segundo mércores de cada mes impar, ás 20:30 horas (BOP n.º 136 do 19/07/2019).

19/05/2020. Relación de procedementos concluídos por parte da Secretaría-Intervención que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional).

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (artigos 78, 79 e 80 e concordantes).

### RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Convocar unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 27 de maio de 2020

Hora: 20:30 h. a 1.ª convocatoria; 20:30 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de plenos da Casa do Concello (con presenza mediante videoconferencia para aqueles concelleiros que prefiran asistencia telemática)

Orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

- 1 Aprobación, se proceder, da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27 de novembro de 2019
- 2 Aprobación, se proceder, da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 17 de decembro de 2019
- 3 Aprobación, se proceder, da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29 de xaneiro de 2020
- 4 Aprobación, se proceder, da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25 de febreiro de 2020
- 5 Aprobación, se proceder, da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 10 de marzo de 2020
- 6 Aprobación da participación do Concello de Boqueixón no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2020 da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19
- 7 Aprobación da participación do Concello de Boqueixón no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2020 da Deputación Provincial da Coruña
- 8 Aprobación da adhesión á *Asociación Camiño Xeración Nos*
- 9 Aprobación modificación de crédito 1/2020.



## II PARTE DE CONTROL

- 1 Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 1 de xaneiro e o 15 de maio de 2020
- 2 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade da Intervención municipal emitidos entre o 1 de maio de 2019 e o 15 de maio de 2020
- 3 Toma de coñecemento do informe da Secretaría-Intervención do 18/05/2020 sobre as resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos de legalidade, así como o resumen das anomalías detectadas en materia de ingresos durante o exercicio de 2019.
- 4 Toma de coñecemento do informe da Secretaría-Intervención do 18/05/2020 sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais referido ao 1ª, 2º, 3º e 4º trimestre de 2019
- 5 Toma de coñecemento do informe da Secretaría-Intervención do 18/05/2020 sobre o período de pago a provedores establecido na Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, referido ao 1º, 2º, 3º e 4º trimestre do 2019
- 6 Toma de coñecemento do informe da Secretaría-Intervención do 18/05/2020 sobre o cumprimento da obriga de remisión trimestral de información á Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda do Goberno de España
- 7 Moción dos grupos políticos:
  - 7.1 Moción do grupo municipal do Partido Popular de Boqueixón sobre a solicitude ao Ministerio de Fomento da execución das obras de construción dunha rotonda en Lestedo (rexistro de entrada número 20200000000227 do 13 de febreiro)
  - 7.2 Moción do grupo municipal do Partido Popular de Boqueixón sobre o 8 M (rexistro de entrada número 20200000000227 do 13 de febreiro)
  - 7.3 Moción do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón sobre a creación dun centro de día e residencia xeriátrica no Concello de Boqueixón (rexistro de entrada número 202099900000053 do 5 de marzo)
  - 7.4 Moción do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón sobre a campaña de Vía Galega sobre a emigración do pobo galego (rexistro de entrada número 202099900000054 do 6 de marzo)
  - 7.5 Moción do grupo municipal do Partido Popular de Boqueixón para instar ao Goberno de España para que dote ás Entidades Locais de fondos extraordinarios para facer fronte á crise sanitaria, social e económica provocada polo COVID-19 (rexistro de entrada número 20200000000550 do 22/05/2020)
- 8 Rogos e preguntas

**SEGUNDO.** Notificarlles este acordo aos integrantes da Corporación Boqueixonense, remitíndolles unha copia dixital das propostas que se lles elevan para o seu coñecemento e, no seu caso, aprobación.

Para a resolución das dúbidas que puideran xurdir con respecto aos expedientes que se lles remite, os concelleiros/as poñeranse previamente en contacto coa Secretaría-Intervención para os efectos, no seu caso, de concertar unha cita previa.

Na notificación indícaráselles que esta resolución ponlles fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2020/G003/000151

dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

**TERCEIRO.** Publicar esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor